

Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 02.11.2012

EPÍGRAFE 00.- CONDICIÓN XERAIS DA TARIFA DE COMISIÓN, CONDICIÓN E GASTOS REPERCUTIBLES A CLIENTES EN EUROS POR OPERACIÓN REALIZADAS NO MERCADO NACIONAL

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Todas as condicións e comisións que se reflicten nesta tarifa teñen o carácter de máximas, polo que o banco poderá aplicar mellores condicións, en función da calidade e do volume de contratación de cada cliente.

Nas operacións ou servizos solicitados polos nosos clientes non contemplados na presente tarifa, que se realicen con carácter excepcional ou singular, estableceranse, en cada caso, as condicións aplicables.

2. GASTOS:

Para España, nas comunicacións e no envío da documentación correspondente ás operacións que se expresan en cada epígrafe da tarifa aplicarase a tarifa oficial que teña publicada en cada momento a Dirección Xeral de Correos e Telecomunicacións do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións.

Nos casos en que se orixine envío de correo ao estranxeiro, cobraranse os gastos correspondentes ás tarifas postais internacionais vixentes en cada momento. Véxase o apartado Condicións xerais da tarifa de estranxeiro (epígrafe 50).

En caso de utilizar sistemas privados de distribución/mensaxaría, repercutiranse os gastos xerados, sempre que se utilicen a pedimento do cliente. Igualmente a cargo do cliente ou do ordenante, os gastos de télex, fax, swift, impostos, timbres e as comisións e gastos do correspondente, se os houbese.

3. OUTROS GASTOS

Os gastos de intervención de fedatario público, de escrituras e calquera outro concepto de carácter externo xustificando repercutirase integramente ao cliente.

4. REPERCUSIÓN DE IMPOSTOS:

Serán a cargo de cada titular todos os impostos presentes e futuros que poidan derivar do cobramento das comisións e das operacións contempladas na tarifa.

[1] A fonte utilizada no documento con esta finalidade é a sección sobre renda variable do "Rincón del Inversor" da CNMV